

PROXECTO DE DECRETO XX/2022, DO X DE XXX, POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 93/1991, DO 20 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, PROMOCIÓN PROFESIONAL E PROMOCIÓN INTERNA

O Decreto 93/1191, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna regula no seu artigo 19 os niveis de clasificación dos postos de traballo segundo o grupo de pertenza.

Entrementres non se desenvolva regulamentariamente o sistema de carreira horizontal disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, o persoal funcionario seguirá posuíndo un grado persoal que corresponderá a un dos trinta niveis nos que se clasifiquen os postos de traballo e percibirá as retribucións vinculadas.

A funcionarización do persoal laboral que se ven desenvolvendo nos últimos anos fai preciso introducir unha nova gradación de niveis no grupo AP (antigo grupo E segundo a terminoloxía do Decreto 93/1991) que equipare mellor as retribucións que viña percibindo o persoal laboral fixo das categorías V-011 e V-001 cas do persoal da agrupación profesional, engadindo un novo nivel 9 por debaixo do nivel 10.

Así mesmo, tamén é necesario modificar a denominación dos grupos para axustalos a nova terminoloxía empregada pola Lei 2/2015 e o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día xx de xx de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 93/1191, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna

O Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna queda redactado como segue:

Un. O artigo 19 queda redactado como segue:

“Artigo 19.

Os intervalos de niveis de postos de traballo que correspondan a cada corpo ou escala, de acordo co grupo ou subgrupo en que se encontren clasificados, serán os seguintes:

<i>Corpos ou escalas</i>	<i>Nivel mínimo</i>	<i>Nivel máximo</i>
<i>Subgrupo A1</i>	<i>20</i>	<i>30</i>
<i>Subgrupo A2</i>	<i>16</i>	<i>28</i>
<i>Subgrupo C1</i>	<i>14</i>	<i>25</i>
<i>Subgrupo C2</i>	<i>12</i>	<i>20</i>
<i>AP</i>	<i>9</i>	<i>14</i>

En ningún caso o persoal funcionario poderán desempeñar postos de traballo non incluídos nos niveis do intervalo correspondente ó grupo no que figura clasificado o seu corpo ou escala”

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao establecido neste decreto ou o contradigan.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, xx de xx de dous mil vinte e dous

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Miguel Corgos-López Prado

Conselleira de Facenda e Administración Pública